



## Lectura de *Cousas de Castelao*. Dos cantos de cego ao cómic

Tanto Castelao como Isaac Díaz Pardo foron pintores e escritores. Os dous crían na necesidade de unir a imaxe e a palabra. **Castelao** fíxoo nos seus **álbums** (*Nós, Milicianos, Galicia Mártir*, etc.), na narrativa e no teatro :

“— Non quero ir porque o escolante pégame e a escola cheira que fede”.  
Castelao. Álbum *Nós*, 1931. Primeira edición.

**Isaac Díaz Pardo** fíxoo nos **carteis de cego** que publicou en 1970: *Paco Pixiñas, O marqués de Sargadelos e A nave espacial*. En 1985 adicou un á vida de Castelao.



Con estes carteis Isaac homenaxeaba os **cantos de cego** do século **XIX e da primeira parte do XX**. Daquela era común ver nas vilas e aldeas, durante as festas e romarías, un home ou unha muller, moitas veces cegos, que contaban historias acompañados dun rapaz ou axudante que levaba un grande cartel no que viñan debuxadas a xeito de viñetas historias de crimes, milagres, amores, historias locais... Hai que ter en conta que daquela os medios de comunicación eran minoritarios e case non chegaban ao rural. Estes “cegos” eran os cronistas que traían as noticias ás aldeas e vilas.



Se reparas nestes carteis de Isaac, veñen sendo como un cómic, pero sen globos:



## Tarefa

Crea un cómic sobre un dos relatos de *Cousas* que están marcados cun asterisco nas preguntas de comprensión.

- Aplica os contidos traballados na aula sobre este xénero.
- Valorárase:
  - a aplicación de distintos tipos de planos, ángulos e recursos propios do cómic.
  - a corrección lingüística e a presentación.
  - o deseño: se es moi bo/a debuxando, xenial, pero non é imprescindible para que a túa tarefa teña unha boa cualificación.
- Preséntao en folio ou nunha cartolina tamaño folio. Tamén podes pegar un folio sobre unha cartoliña.
- Puntuación: **1 punto**
- Entregarase: en man e tamén enviando unha fotografía ao Classrrom co seguinte nome de arquivo
- comic\_Cousas\_nome\_apellido\_2A

